

**ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE UN/HA PRAZA DE CONSERXE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS INTERINO E PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE RESERVA DE CONSERXES**

**Resultado segundo exercicio da fase oposición e valoración de méritos da fase concurso.**

De conformidade co establecido nas actas levantadas ao efecto con datas de 20 e 23 de novembro, publícanse os seguintes acordos en relación co asunto de referencia:

Primeiro: Aprobar aos aspirantes que, de conformidade co establecido na base quinta, acadaron un mínimo de cinco puntos no segundo exercicio correspondente á fase de oposición e que a continuación se relacionan, coa puntuación que igualmente se indica:

Apelidos e nome	Puntuación
Míguez Torre, José Esteban	10
Rodríguez Longueira, Rubén	8,62
Vázquez Ares, María Cristina	6,80

Segundo: Declarar exentos da realización do terceiro exercicio da fase de oposición aos tres aspirantes que superaron os dous primeiros exercicios obrigatorios e eliminatorios; isto, unha vez comprobado polo Tribunal que, de conformidade coa base cuarta que rexe este proceso, os tres aspirantes acreditan a titulación de nivel CELGA 2 ou equivalente.

Terceiro: Aprobar a valoración obtida por cada aspirante na fase de concurso, co seguinte resultado tendo en conta a suma dos méritos alegados e acreditados:

Apelidos e nome	Permiso de conducir	Master, cursos, seminarios e xornadas	Experiencia laboral	TOTAL
Míguez Torre, José Esteban	0,50	0,00	0,00	0,50
Rodríguez Longueira, Rubén	0,50	0,85	0,00	1,35
Vázquez Ares, María Cristina	0,50	0,00	0,00	0,50

Cuarto: Abrir un periodo, ata as 12:00 horas do vindeiro xoves día 26 de novembro actual, para que os aspirantes poidan interpoñer as reclamacións e alegacións que consideren oportunas, mediante escrito que se presentará no rexistro de entrada do Concello de Cambre.

O Tribunal queda convocado para o vindeiro día 26 de novembro de 2015, ás 13:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello, co fin de estudar as reclamacións e alegacións presentadas, estimándoas ou non segundo corresponda, e proceder á cualificación final do concurso-oposición que, de conformidade coa base quinta das que rexen a presente convocatoria, virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición.

En Cambre, a 24 de novembro de 2015.

A secretaria do tribunal  
Verónica María Otero López